



PROCEDIMIENTO PARA A SOLICITUDE DE SUBSCRIPCION DE NOVAS PUBLICACIÓN PERIÓDICAS CON CARGO Á LISTA CENTRALIZADA

A Biblioteca Universitaria subscribe un conxunto de publicacións seriadas (ou revistas) a través de procedementos de contratación pública. Para isto suxeitase ás disposicións do seu Regulamento (artigo 53, "A adquisición de publicacións periódicas"):

Art.53.1.- A adquisición das publicacións periódicas da Universidade de Vigo, que se establecerá na Comisión Xeral da Biblioteca, xestionarase de maneira unitaria en forma de lista única de subscricións. Esta Comisión revisará periodicamente esta lista única; existirá un procedemento xeral e centralizado para proceder as cancelacións e novas subscricións. O obxectivo deste procedemento é formar unha colección de publicacións periódicas coherente, de interese para as diferentes áreas de coñecemento, así como lograr as maiores vantaxes económicas posibles.

Art.53.2.- Poderanse solicitar de maneira excepcional subscricións a publicacións periódicas baixo as seguintes condicións:

- A revista solicitada non suporá duplicidade de títulos dentro do mesmo Campus
- A solicitude debe ser consensuada polo Departamento correspondente e avalada polo/ seu/súa Director/a, como unha publicación periódica de interese para unha área de coñecemento determinada. Non se poderán solicitar subscricións a publicacións periódicas que respondan a intereses individuais.
- A xestión de compra, o proceso e control de recepción será realizada pola biblioteca.
- As revistas subscritas por este procedemento estarán sempre emprazadas na Biblioteca.

Art.53.3.- Os/as Directores/as de Proxectos de Investigación poderán solicitar a subscrición a publicacións periódicas relacionadas con dito proxecto. Son requisitos imprescindibles:

- A revista solicitada non suporá duplicidade de títulos dentro do mesmo Campus
- A xestión de compra, o proceso e o control de recepción será realizada pola biblioteca.
- As revistas subscritas por este procedemento estarán sempre situadas na Biblioteca.

Con obxecto de aplicar as previsións do *Regulamento* verbo da lista única de subscricións e manter a mesma axustada ás necesidades da comunidade universitaria, en especial dos investigadores, establécese un procedemento de presentación de solicitudes de novos títulos (e no seu caso de cancelacións) ante a Comisión Xeral da Biblioteca Universitaria.

O procedemento é o seguinte:

- a) Calquera **solicitud** de inclusión de novos títulos farase **mediante escrito dirixido ao Presidente da Comisión Xeral de Biblioteca**. Irá debidamente **argumentada**, e vendrá **avalada polo Director do Departamento** ao cal pertence/n o/s solicitante/s ou polo **Director/Investigador Principal do Proxecto de Investigación**. No caso das propostas da Biblioteca, o escrito deberá ir avalado **polo Director da Biblioteca Universitaria**. Non se subscribirán títulos que respondan a intereses individuais.
- b) Aos efectos de comprobación de que a revista non figura xa entre as coleccións da Biblioteca, tanto propias como consorciadas, **o Presidente da Comisión solicitará informe á Sección de Hemeroteca** das solicitudes que obren no seu poder.
- c) Se a revista se atopa en formato impreso nun campus determinado, á Sección de Hemeroteca contactará co solicitante para confirmar que desexa contratar unha segunda subscripción para outro campus. Non obstante, **no caso de que a revista estea en formato *online*, darase preferencia ao mesmo coa finalidade de evitar subscripcións en papel duplicadas ou múltiples**.
- d) **Bienalmente**, coa información recollida pola Sección de Hemeroteca, **o Director da Biblioteca Universitaria informará á Comisión de Biblioteca sobre as solicitudes** de subscripción de novos títulos (e no seu caso de cancelación) e as disponibilidades orzamentarias para acometer a súa subscripción. Á vista do informe do Director da Biblioteca, a Comisión decidirá sobre á subscripción de novos títulos con cargo á lista única. En todo caso, as novas subscripcións non suporán duplicidade dentro dun mesmo campus.
- e) Para a cancelación de títulos caben dúas situacións:
 1. a proposta de Departamentos ou Proxectos de Investigación para xustificar a inclusión de novos títulos na lista única, se ben respetando sempre os compromisos de mantemento de subscripcións adoptados pola Universidade de Vigo dentro do Consorcio Bugalicia;
 2. con carácter bienal, previo informe da Sección de Hemeroteca, a Comisión poderá decidir a cancelación de títulos subscritos en papel que dispoñan de versión a texto completo en liña.

A conveniencia da cancelación poderá someterse á consideración dos Directores dos Departamentos ou dos Directores/Investigadores Principais dos Proxectos de Investigación que no seu día solicitaron a subscripción.

Do mesmo xeito que para a solicitude de novos títulos, as cancelacións, en ambos os dous casos, faranse por escrito ao Presidente da Comisión Xeral de Biblioteca no que consten os motivos da proposta de cancelación e o aval do Director do Departamento ou do Director/Investigador Principal do Proxecto de Investigación.

(este procedemento foi aprobado na sesión da Comisión de Biblioteca do 11 de marzo de 2005)



UNIVERSIDADE
DE VIGO




Biblioteca Universitaria

Asunto: Procedemento para a solicitude de suscripción de novas publicacións periódicas con cargo á lista centralizada.

En aplicación do artigo 12.3 do Regulamento da Biblioteca Universitaria que establece como funcións do Director/a da Biblioteca Universitaria *“Velar polo cumprimento de todos os acordos tomados na Comisión Xeral da Biblioteca e, en especial, no referente á política de adquisicións”*, achégolle o texto do *Procedemento para a solicitude de suscripción de novas publicacións periódicas con cargo á lista centralizada*, aprobado pola Comisión Xeral da Biblioteca na súa sesión do 11 de marzo de 2005 e ratificada na última sesión do día 10 de xuño do corrente.

Prégolle informe ao PDI do seu Departamento deste Procedemento.

Vigo, 30 de xuño de 2005
Director da Biblioteca Universitaria

Ricardo Marraud González

SRES/AS DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO